



REGULAMENTO. XIV CARREIRA POPULAR: CONCELLO DE CARIÑO

Artigo 1. Obxecto.

Con esta proba pretendese crear e fomentar un hábito de vida saudable entre a poboación, abandonando o sedentarismo, previndo e reducindo a incidencia das súas enfermidades asociadas, e ofrecendo a posibilidade de ocupar de forma saudable o seu tempo de ocio.

Artigo 2. Organización e colaboración.

A proba denomínase XIV Carreira popular: Concello de Cariño esta organizada polo Servizo de Deportes do Concello de Cariño e colaboran ou patrocinan esta proba: Eroski city, Arthros Fisioterapia e a Deputación da Coruña.

Vaise celebrar o xoves 15 de agosto, dende as 10:00 ata 13:00 horas, coa saída no Paseo marítimo de Cariño a altura da casa do concello e o recorrido é de 6200 metros (case 3 voltas completas arredor do paseo marítimo). As categorías, horario estimado e distancias a recorrer son as seguintes:

Adultos

- Senior M/F: Nados entre 1989 e 2006. Distancia: 6200 metros. Hora prevista de saída: 10.00 horas.
- Veterano/a A M/F: Nados entre 1974 e 1988. Distancia: 6200 metros. Hora prevista de saída: 10.00 horas.
- Veterano/a B M/F: Nados en 1973 ou antes. Distancia: 6200 metros. Hora prevista de saída: 10.00 horas.

Menores

O horario é estimado e as probas comezarán o rematar a proba anterior, podendo adiantarse ou retrasarse, polo que se recomenda estar antes do horario marcado:

- Pitufos M/F: Nados entre 2020 e 2024. Distancia: 80 metros. Hora prevista de saída: 11.10 horas.
- Sub-8 M/F: Nados entre 2017 e 2019. Distancia: 200 metros. Hora prevista de saída: 11.20 horas.

- Sub-10 M/F: Nados entre 2015 e 2016. Distancia: 400 metros. Hora prevista de saída: 11.30 horas.
- Sub-14 M/F: Nados entre 2011 e 2014. Distancia: 800 metros. Hora prevista de saída: 11.45 horas.
- Sub-18 M/F: Nados entre 2007 e 2010. Distancia: 2000 metros. Hora prevista de saída: 12.00 horas.

Artigo 3. Premios.

Haberá categorías tanto masculinas como femininas e entregarase medallas ós 3 primeiros clasificados de cada proba (masculina e feminina). En caso de que algunha categoría quedase con poucos participantes xuntarase con outra.

Entregarase unha medalla a cada participante das categorías de menores.

Artigo 4. Inscripción.

A inscrición é gratuíta e farase na páxina web de cronotec.es rematando o prazo ás 23:59 horas do domingo 11 de agosto, non admitíndose baixo ningún concepto ningunha inscrición posterior a devandita data, nin por suposto o mesmo día da competición.

Os dorsais poderán retirarse o mércores 14 de agosto, de 12:00 a 13:30 na casa da cultura de Cariño, ou o mesmo xoves na casa do concello ata media hora antes da proba.

Recoméndase a retirada do dorsal o día antes da proba, e chegar con antelación suficiente para evitar colas de última hora o día da proba. Para a retirada do dorsal, todas as persoas participantes deberán acreditar a súa identidade á hora de recoller o mesmo, con calquera dos seguintes documentos oficiais: Maiores de 14 anos: DNI, ou outro documento oficial, os/as menores de 14 anos: DNI ou libro de familia e do DNI do pai/nai/titor/a.

Artigo 5. Normas de participación.

Para formar parte desta proba é necesario que todos os participantes acrediten a súa identidade coa presentación do seu D.N.I. á hora de recoller o dorsal de cada proba.

O comité organizador resérvase o dereito de pechar as inscricións se as razóns organizativas así o requirisen.

Todos os participantes na proba aceptan o seu regulamento e normativa, formalizando a súa inscrición con todos os dereitos e obrigacións que lle corresponden. Así mesmo, no momento da inscrición fan constar que non padecen ningunha enfermidade que lles incapacite para a práctica de actividade física e deportiva. Do mesmo xeito aceptan

que a organización publique fotos, imaxes ou calquera outra información nas súas redes sociais e medios de comunicación.

Para participar na proba é obrigatorio o correcto uso do dorsal e chip facilitado en cada proba por persoal da organización. En caso de non realizar correctamente a colocación do dorsal ou chip non se garantirá que o resultado sexa correcto.

Artigo 5. Normas de seguridade.

Nesta proba mediante a súa inscrición o corredor consente expresamente que os seus datos básicos sexan utilizados polo concello e por cronotec para a tramitación, ante a compañía de seguros, dos seguros obrigatorios de accidentes e Responsabilidade Civil.

En todo caso e tal como establece a lei de Protección de Datos, o interesado pode exercer no futuro os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición mediante escrito ou correo electrónico ó Servizo de deportes do Concello de Cariño: .davidfernandez@concellodecarino.gal .

A organización asegurará a provisión de bebidas aptas para a práctica deportiva na meta e en puntos intermedios das probas. Os participantes poden ducharse no polideportivo municipal que se atopa a 1 km da zona de chegada.

Artigo 7. Regulamento da proba.

1. As reclamacións referentes os resultados oficiais, deberán ser feitas verbalmente ao xuíz árbitro, non máis tarde de 30 minutos despois de comunicarse oficialmente os resultados.
2. “Será motivo de descalificación, entre outros, os seguintes aspectos: non realizar todo o circuío da carreira, non levar dorsal ou manipular este, falsificar datos persoais, competir co dorsal o chip/s de outra/s persoa/s”.
3. “Os atletas con licenza federativa terán que atenerse o regulamento de Disciplina Deportiva en vigor”.
4. “Os atletas con licenza pola FGA deberán competir ca camiseta oficial do seu club”
5. “As persoas non inscritas oficialmente e que tomen parte da carreira a modo particular, sen ser autorizadas polo organizador, non están amparadas polos seguros da proba. E a organización non se fará responsable dos danos que estás persoas podan causar o causarse”.
6. “Todo o non disposto na presente normativa rexerese polas normas de Competición da FGA, RFEA e IAAF para a presente tempada, así como todo o regulamentado por instancias superiores”.

Artigo 8. Reclamacións.

Establécese un prazo de 24 horas hábiles para realizar calquera reclamación respecto do desenvolvemento da proba. Dita reclamación presentarase por escrito ante o Comité Organizador presentado cantas probas estime oportunas. Devandito Comité actuará de oficio cando existan causas que así o permitan e xustifiquen. A súa decisión última será inapelable.

Artigo 9. Cláusulas adicionais.

Primeira: Todos os participantes aceptan a publicación dos seus datos persoais, así como fotografías da propia organización. Mediante a inscrición o deportista consente expresamente que os seus datos sexan utilizados pola organización, por cada concello e pola empresa Cronotec para comunicacións sobre as súas actividades.

Segunda: A organización resérvase o dereito de cambiar os percorridos predefinidos, probas convocadas ou modificar o regulamento se as condicións así o requiren.